

Resolución do Letrado Oficial Maior do 29 de decembro de 2021 pola que se incrementa unha bolsa de formación en xestión parlamentaria, por vacante dunha das dúas bolsas en arquivo, biblioteca e documentación.

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 27 de setembro de 2021 (BOPG 208 do 1 de outubro e DOG 195 do 8 de outubro) aprobáronse as bases da convocatoria para a concesión de diversas bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia.

Conforme ao disposto na cláusula primeira das anteditas bases, o obxecto da convocatoria é a concesión de nove bolsas individuais, das cales dúas corresponden a modalidade de formación en arquivo, biblioteca e documentación.

A resolución do Letrado Oficial Maior, do 20 de decembro de 2021, establece a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas neste procedemento de concesión de bolsas, na que se reflicte que, na modalidade de formación en arquivo, biblioteca e documentación admítese unha única solicitude, polo que quedará vacante unha das dúas bolsas ofertadas.

Na cláusula décimo cuarta, apartado 4, das bases da convocatoria, establececese que as vacantes que puideren existir nalgún tipo de bolsa poderán dar lugar, a criterio da Administración parlamentaria, a un incremento do número de bolsas nas modalidades que rexistren maior número de solicitudes, sen que poida superarse o número total de nove bolsas, recollendo que a súa cobertura, se fose o caso, efectuarase seguindo a orde establecida nas correspondentes listas de reserva.

O número de solicitudes admitidas (de maior a menor) por cada unha das modalidades establecidas é a seguinte:

- 1) formación en comunicación institucional (2 bolsas): **19**
- 2) formación en xestión parlamentaria (1 bolsa): **17**
- 3) formación en publicacións (2 bolsas): **11**
- 4) formación en recursos humanos e contratación (1 bolsa): **11**
- 5) formación adicional reservada para persoas con discapacidade (1 bolsa): **8**
- 6) formación en arquivo, biblioteca e documentación (2 bolsas previstas): **1**

A bolsa de formación en comunicación institucional, que é a modalidade que máis aspirantes ten, establece dúas bolsas. A segunda modalidade de bolsas que máis

solicitudes ten é a de xestión parlamentaria, coa oferta dunha soa bolsa, valorándose máis apropiado incrementar esta a dúas bolsas.

A Comisión de Valoración dos expedientes, constituída o 21 de decembro de 2021, á vista da vacante dunha das bolsas de arquivo, biblioteca e documentación á modalidade de xestión parlamentaria e do conxunto das solicitudes admitidas, proponlle á Administración parlamentaria dotar dunha bolsa máis a modalidade de xestión parlamentaria.

Por todo isto, ao abeiro do establecido na cláusula décimo cuarta, apartado 4, das bases da convocatoria RESOLVO:

- 1.- Incorporar a bolsa de formación vacante na modalidade de arquivo, biblioteca e documentación á modalidade de xestión parlamentaria.
- 2.- Comunicarlle este acordo ao Servizo de Asistencia Parlamentaria, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior, a Intervención e Asuntos Económicos e publicalo no BOPG e na páxina web Institucional.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

O letrado Oficial Maior

Xosé Antón Sarmiento Méndez